

ACTA NÚMERO: 18/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 15 DE MAIO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 15 de maio de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Manuel Carramal Silva, Xefa da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 8 de maio de 2025 (Reunión 17/2025).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa IMATIA INNOVATION, S.L., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a actualización de licenzas para os programas CIVIDAS E ONTIMIZE. (Expte.- 2025003553).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa REVENIDAS, S.C., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de catro actuacións do grupo Treixadura con cargo ao programa +Música 2025 2025 (Expte.- 2025019175).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025". (Expte.- 2024081007).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025004125).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025004125).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 8 de maio de 2025 (Reunión 17/2025).***



Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 8 de maio de 2025 (Reunión 17/2025).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa IMATIA INNOVATION, S.L., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a actualización de licenzas para os programa CIVIDAS E ONTIMIZE. (Expte.-2025003553).*

Por Resolución Presidencial número 2025002819, de data 11/04/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade do servizo de actualización de licenzas para os programa CIVIDAS E ONTIMIZE.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á IMATIA INNOVATION, S.L. a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 11/04/2025.

A empresa IMATIA INNOVATION, S.L. (CIF:B36499960) presentou a correspondente proposición en data 22/04/2025 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe total ofertado sen IVE	14.990,00 €
IVE (21 %)	3.147,90 €
Importe ofertado con IVE	18.137,90 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa IMATIA INNOVATION, S.L.(CIF:B36499960) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de actualización de licenzas para os programa CIVIDAS E ONTIMIZE.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa REVENIDAS, S.C., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de catro actuacións do grupo Treixadura con cargo ao programa +Música 2025 2025 (Expte.-2025019175).*

Por Resolución Presidencial número 2025003549, de data 06/05/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de catro actuacións do grupo Treixadura con cargo ao programa +Música 2025, cun orzamento de licitación de 58.080,00 €, IVE engadido.



No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa REVENIDAS, S.C. (J94117678), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o 06/05/2025.

A empresa REVENIDAS, S.C. (J94117678), presentou a correspondente proposición o 19/05/2025, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	48.000,00 €
IVE (21 %)	10.080,00 €
Importe ofertado con IVE	58.080,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa REVENIDAS, S.C. (J94117678), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de catro actuacións do grupo Treixadura con cargo ao programa +Música 2025.

4. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025". (Expte.- 2024081007).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno nº 23.34986, adoptado na sesión do día 28 de marzo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do *"Servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de abril de 2025. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 24 de abril de 2025 procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitida a seguinte empresa:

- AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971)

Na reunión do día 24-04-2025 tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados pola única empresa presentada e admitida no procedemento, e acordouse trasladar dita documentación ao persoal técnico do Museo de Pontevedra para a súa valoración.



Con data 30 de abril de 2025, a xefa de xestión do Museo de Pontevedra emitiu informe de valoración de documentación técnica da única empresa participante no procedemento (CSV: 010QFYL1GCO8CLEG), resultando as seguintes puntuacións:

CRITERIO	MÁXIMO	Avante Evolución de Medios, S.L.U. (NIF: B70509971)
1.- Proposta estratéxica do Plan de Medios	15,00 puntos	12,50 puntos
Definición e caracterización da estratexia, descrición do target	7,50 puntos	6,00 puntos
Determinación do ámbito xeográfico establecido para o alcance do plan	7,50 puntos	6,50 puntos
2.- Proposta de Plan de Medios	15,00 puntos	9,50 puntos
Selección de cada un dos soportes e espazos propostos e a variedade de formatos	7,50 puntos	4,50 puntos
Maior nivel de cobertura e que se chegue ao maior segmento xeográfico	7,50 puntos	5,00 puntos
TOTAL	30,00 puntos	22,00 puntos

A Mesa de Contratación, na sesión do día 8 de maio de 2025, prestou conformidade ás puntuacións acadadas en base ó citado informe, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados son os seguintes:

1.- Prezo ofertado:

Importe total, sen IVE	181.000,00 €
IVE (21%)	38.010,00 €
Importe total, co IVE	219.010,00 €

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións obtidas nos sobres “C” son as seguintes:

CRITERIOS AUTOMÁTICOS	Puntuación máxima	AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U.
Prezo total ofertado	70,000 puntos	43,386 puntos

As puntuación totais do sobre “B” máis o sobre “C” foron as seguintes:



	AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U.
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRES “B” (ata un máximo de 30 puntos)	22,000 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRES “C” (ata un máximo de 70 puntos)	43,386 puntos
TOTAL B+C	65,386 puntos

A Mesa de contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do referido servizo, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Sobres “B” (Máx. 30 puntos)	Sobres “C” (Máx. 70 puntos)	Puntuación total
1ª	AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U.	22,000 puntos	43,386 puntos	65,386 puntos

A Mesa de Contratación comproba que, a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 5777 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Ditos certificados acreditan, a tenor do neles reflectidos e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

2.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L.U. (NIF: B70509971) polos prezos e valores ofertados pola mesma.

5. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025004125).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de abril de 2025 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de asistencia



técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 11 de abril de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no DOUE (Anuncio número 240732-2025) en data 14/04/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (C.I.F. B-85097962).
- INGENIERÍA INSITU, S.L.U. (C.I.F. B-27715309).
- NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (C.I.F.- A-78068202).
- UTE TAXA COMERCIAL PONTEVEDRA

6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025004125).*

A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do 15 de maio de 2025, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, acordando admitir ás seguinte empresas:

- EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (C.I.F. B-85097962).
- INGENIERÍA INSITU, S.L.U. (C.I.F. B-27715309).
- NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (C.I.F.- A-78068202).



- UTE TAXA COMERCIAL PONTEVEDRA

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente as ofertas técnicas que serán avaliadas mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B”, ao persoal técnico do Servizo de Asistencia Intermunicipal para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

